

## O viveiro e Centro de Desenvolvemento Cooperativo de Verín

*M<sup>a</sup> del Mar Pernas Márquez*  
*Xerente da Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA.*  
*ugacota@ugacota.org*



O proxecto comunitario Interreg IIIA Desqoop “Desenvolvemento rural transfronteirizo de base cooperativa Galicia – Norte de Portugal” foi deseñado para o fomento do desenvolvemento rural, mediante a promoción empresarial e comercial do cooperativismo e dos seus factores de competitividade, potenciando a calidade e fomentando a ampliación de mercados. O obxectivo era identificar os factores de competitividade empresarial do cooperativismo e promover a cooperación empresarial, así como a

apertura do mercado cooperativo a ambos lados da fronteira (Galicia-Norte de Portugal), dada a complementariedade das actividades económicas do espazo elixido para a posta en marcha do proxecto.

Froito do Programa creáronse dous centros de desenvolvemento cooperativo,



localizándose un deles na comarca de Verín (Ourense). Como resposta ás necesidades detectadas, estableceuse unha estratexia que pivota sobre o Centro de desenvolvemento cooperativo de Verín como elemento nuclear do proxecto; e que se basea nas contrastadas potencialidades do cooperativismo como ferramenta para a creación de riqueza, de emprego e de benestar social.

axentes dinamizadores e público en xeral.

Trátase dun centro que ofrece unhas instalacións modernas e multifuncionais ao servizo dos cooperativistas, emprendedores,


## SERVIZOS DO CENTRO



O Centro conta con equipamentos básicos para o desenvolvemento e localización de actividades de utilidade a cooperativas e outras entidades de economía social.



Sala multiusos - dispónse de equipos informáticos, sala de xuntas e espazos para a organización de actos públicos, congresos ou actividades de formación, entre outras utilidades.



Área wifi- equipamento para acceso a internet.

Incubadora de empresas cooperativas - O Centro conta con 5 nidos totalmente equipadas para promover a instalación de outras tantas cooperativas. Dispónse de servizos comúns de utilidade a estas empresas: sala de xuntanzas, almacén, puntos de acceso a Internet por parte de clientes e provedores, cafetería, sala multiusos ou unha tenda onde vender os seus produtos.



Tenda cooperativa - Unha das principais finalidades do Centro é axudar a desenvolver a actividade comercial das cooperativas galegas e do Norte de Portugal, para o que conta con infraestruturas encamiñadas á promover:

- ✓ Colaboracións entre entidades da economía social.
- ✓ Encontros con provedores e posibles clientes.
- ✓ Coñecemento e venda dos seus produtos e servizos.

### **Centro de Desenvolvemento Cooperativo de Verín**

Parque Empresarial de Pazos  
32619 - Verín (Ourense)  
Teléfono: 988 413 415  
centro.cooperativo.verin@gmail.com

Para máis información:

### **Consello Galego de Cooperativas**

Edif. administrativo San Lázaro  
Santiago de Compostela  
Tfno. 881 999 268

[www.cooperativasdegalicia.com](http://www.cooperativasdegalicia.com)